

Federación Galega
de Redeiras Artesás
"O PEIRAO"



PROXECTO

O FUTURO PROFESIONAL DAS REDEIRAS ARTESÁS GALEGAS

Conclusións Mesa de Traballo de A Guarda

No coloquio *Necesidades e inquiredanzas actuais das redeiras galegas* nesta mesa saíron as seguintes ideas:

- O gran problema das redeiras desta zona é o intrusismo profesional.
- Para loitar contra o intrusismo e poder subir os prezos do traballo fai falta a colaboración de todas as redeiras profesionais.
- Existe certa desunión entre as redeiras de A Guarda, non todas as redeiras de A Guarda forman parte da asociación. Prevalecen os interese persoais fronte os do colectivo.
- Existe competencia desleal entre as redeiras profesionais de A Guarda debida a unha guerra de prezos. É necesario estar unidas e asumir compromisos para terminar con esta situación e poder loitar xuntas pola profesión.
- Denuncian o pouco apoio que atopan no colectivo armador para poder dignificar a súa profesión e acadar salarios dignos.
- Recoñecen que traballan dun xeito que recorda a tempo de escravitude xa que aceptan todos os requisitos que lles pide o colectivo armador por medo a perder traballo.
- Adóptase o compromiso de mellorar as canles de información entre todas as redeiras de A Guarda para fomentar a participación.